

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Míguez Tabarés, José Luis
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica
DECANOS/DIRECTORES
Álvarez González, Susana
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga

ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel
Lima González, Estela

PAS

Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL
Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Davila Segade, Ruth
Díaz Redondo, Rebeca P.
López Mira, Álvaro Xosé
Rodríguez Domínguez, María del
Mar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 25 de setembro de 2023, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 25 de setembro de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do procedemento para a realización, tratamento e presentación de resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado.
4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).
5. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026.
6. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do réxime interno do CACTI.
7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno de atlantTic.
8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do CISPAC.
9. Aprobación, se procede, da modificación, da denominación da Spinoff "PRISMATRIX".
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Internacionais.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dirección e Xestión Pública.

13. Informe sobre a excedencia temporal solicitada polo Profesor Pablo Menéndez García con amparo no artigo 17 da lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno: 2 PDI, 2 PAS e 2 estudantes.
15. Elección de representante na Comisión de Investigación e Transferencia delegada do Consello de Goberno: 1 PDI.
16. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións ás actas e pide que se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Emocionante despedida, tanto no Campus de Ourense coma no Campus de Vigo, ao profesor Fernando Isasi, benquerido compañeiro.
- Nova xerente da FUVI, Magoya Méndez Martínez.
- Gran parte das diapositivas que se presentan teñen que ver co inicio do curso:
 - Aínda sen datos consolidados, a matrícula de Grao está arredor dun 100%.
 - Danse por corrixidos os problemas con Dirección e Xestión Pública, chegaron aos 45 estudantes. Haberá que esperar a máis convocatorias para confirmar esta magnífica tendencia.
 - Preocupación con Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, titulación con gran demanda, con magnífico emprego, moderna, pero por algunha razón non están cubrindo a matrícula. Faremos todo o posible coa Dirección da Escola para reverter este proceso, ao igual que fixemos con algunha outra titulación que estaba con atrancos.
 - Novidades do curso: Grao en Deseño, titulación exclusiva no Campus de Pontevedra, edificio Benito Corbal. Novo Máster en Enxeñaría Aeronáutica, titulación exclusiva da Universidade de Vigo, aínda que durante algún tempo parecía que tiña que ser partillada coa UDC.
 - Tres novos máster partillados: Xestión sostible da auga, Tecnoloxías da comunicación cuántica e Fabricación aditiva.
- Convenio con Amencer-Aspace. Colaboracións docentes e investigadoras relacionadas con fisioterapia e o tratamento de persoas con discapacidade.
- Acto mellores expedientes de ABAU. Convértese nun acto das tres universidades públicas e irá rotando polos sete campus do SUG.
- Xuntanza co Alcalde de Vigo, para a cesión do Edificio Siemens e cesión dalgunhas aulas para poder facer formación permanente.

- Tamén informa sobre a acreditación do Campus Auga, case rematada a avaliación, saberemos pronto a cualificación. Despois irá o Campus CREA.
- Tivemos a visita do director da Axencia Estatal de Investigación, Doménech Espriu.
- Celebrouse un acto de despedida das persoas que se xubilaron. Agradécese a presenza de todos eles no acto.
- Asinouse tamén un Protocolo de infraestruturas do SUG. O primeiro edificio, a prioridade, será o de Aeroespacial de Ourense. Tamén estamos pendentes da cesión de espazos tanto en Pontevedra como en Vigo: edificio Siemens de Vigo, e tamén existe a idea de facer un edificio nos terreos de Tafisa, aínda que non está rematada a cesión, así como unha posible cesión do edificio do Hospital de Pontevedra, que está no aire.
- Un éxito o acto dos Alumni. Relatorio dos premiados: Abel Caballero, como alumni distinguido e África González como alumni honorífica. Houbo un premio ao emprendemento para Verónica Codesido, un premio á traxectoria profesional para Patricia García, un premio alumni Humanidades para o investigador Oscar Penín, outro premio alumni impacto social para a divulgadora científica María Calvo, outro premio sobre investigación para a científica Mónica Carrera. Este tipo de actos nos achegan á comunidade Alumni.
- Celebrouse un acto relacionado co proxecto Facendo 4.0, liderado por Stellantis e financiado por GAIN, no que tamén están os centros tecnolóxicos, e dará resultados moi bos. Xa está a segunda solicitude presentada.
- Novo edificio de Aeroespaciais. O concurso de ideas xa está resolto; faremos unha presentación cos proxectos avaliados e o proxecto gañador. Agradecer a presenza de distintos expertos que axudaron dentro desta selección, proporcionados por distintas entidades. Será o edificio que peche o Campus Norte da cidade de Ourense.
- Tivemos a visita do Almirante Maior da Armada ao laboratorio SSI, partillado por Navantia e a Universidade de Vigo, que vai dar moitas ledicias.
- Foron seleccionados no programa IGNICIA os proxectos MytUnisex e edgeContinuum, e os IPS destes proxectos son Ángel Pérez Diz e Felipe Gil.
- Tamén celebrar que o coche deste ano, está dando moitas ledicias: Uvigo MotorSports coa actuación en Silverstone.
- Formamos parte da Rede Galega de Tecnoloxías Cuánticas.
- Acto de benvida ao estudantado estranxeiro, celebrado aquí mesmo. Houbo actos de benvida ao novo estudantado tamén por Campus.
- Tamén comentar o acto de benvida ao estudantado de Campus Spain. Iniciativa privada para atraer a alumnado estranxeiro. Son estudantes que veñen de varios países a estudar lingua castelán, que despois quedan na Universidade de Vigo, mellorando as ratios de internacionalización do estudantado.
- Este ano tocoulle á Universidade de Vigo o acto de apertura do curso do SUG. O reitor amosa o seu agradecemento a todas as persoas que participaron, tanto togados como non togados, que dá unha boa imaxe da nosa Universidade.
- Comenta tamén o gran éxito da Convocatoria FECYT. O venres teremos en Redeiras unha actividade, G-Night, a noite dos Investigadores.
- Proxecto EC4RURAL, coordinado pola Uvigo, IP Xavier Simón, e dotado con 1.6 millóns de euros.
- Proxecto PROMISEANG, IP Jesús Simal, dotado con 4.5 millóns de euros.
- IG Nobel de Física para un artigo publicado en Nature Geoscience, con participación da Uvigo, con Beatriz Mouriño, do CIM.

- ATHENA: Estase reformulando a proposta para presentar unha nova en xaneiro de 2024. Sae unha Universidade participante, hai varias que queren entrar na Alianza.
- Comezan uns cursos financiados polo Ministerio de Transportes, coa cantidade de 1.1 millóns de euros. Somos a 5ª Universidade recoñecida. Forman parte da formación ao longo de toda a vida.
- Felicita a Rebeca Díaz Redondo pola organización da Xuntanza de CODITEL en Vigo.
- Visita ao Alcalde de Ourense. Puxemos enriba da mesa o tema do soterramento da avenida para que se conecten as dúas partes do Campus de Ourense.
- Visita ao Presidente da Deputación de Ourense, cos temas do soterramento e ampliación do Campus. Tamén ampliación de proxectos que temos en común, e convenios entre Deputación e Universidade.
- Somos a primeira universidade española que asina un convenio co observatorio de DDHH de España, grazas ao traballo de Patricio Sánchez.

Remata o informe ás 10.22.

3. Aprobación, se procede, do procedemento para a realización, tratamento e presentación de resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, Alfonso Lago, quen informa da reunión do grupo de traballo (representación das centrais sindicais e a vicerreitoría) mantida o 27 de febreiro de 2023, onde houbo debate sobre a proposta presentada, ademais da elaboración dun documento acordado por asentimento.

Con posterioridade, houbo reunión da Mesa de negociación do PDI o 13 de xuño de 2023, e aprobación por ASENTIMENTO do documento de procedemento para a realización das enquisas de avaliación docente do profesorado e das especificacións para o tratamento e a presentación dos resultados.

Posteriormente, levouse a cabo a ratificación da redacción final por ASENTIMENTO na reunión da Mesa de negociación do PDI o 6 de xullo de 2023.

Procedemento para a realización da enquisa:

- Actualízase a redacción para a nova plataforma SIGMA.
- O profesorado que autorice a realización das enquisas, se así o considera, poderá activar e pechar persoalmente a enquisa cando o considere oportuno, sempre dentro do período establecido pola Universidade de Vigo. No caso de que o profesorado non se acolla a esta opción, será o propio sistema o que automaticamente active ou peche a realización das enquisas.
- O profesorado que imparta entre 5 e 10 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de grao ou 5 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de mestrado, poderá solicitar voluntariamente a súa inclusión no sistema de realización das enquisas de avaliación docente.
- Incorpórase no cuestionario de satisfacción co labor docente incluír a resposta: NS/NC.

Polo que respecta ao tratamento de resultados:

- Redacción actual: Non se terán en conta aquelas enquisas que non cheguen ao límite mínimo de respostas por considerar que os resultados non son significativos. O límite é o seguinte:
 - 20 % de respostas respecto ao alumnado matriculado para grupos de ata 25 estudantes.
 - 5 respostas para grupos con máis de 25 estudantes matriculados/as.
- Redacción final: Non se terán en conta aquelas enquisas que non cheguen ao límite mínimo de respostas por considerar que os resultados non son significativos. O límite será o seguinte:
 - 12 % de respostas respecto ao alumnado matriculado.
 - O sistema achegará un certificado a aquel profesor/a que non teña resultados de avaliación por non acadar a porcentaxe mínima de respostas.

Outros aspectos que compre considerar:

- A Área de Calidade informará á persoa coordinadora de calidade do centro responsable da docencia da materia, co fin de que a Comisión de calidade, en colaboración co profesorado e a representación do estudantado e sindical do profesorado (se procede) poidan, de ser preciso, resolver os problemas detectados, nestes casos, se:
 - O profesorado obtivese unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente dunha materia durante 3 anos consecutivos.
 - O profesor/a obtivese unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente global durante 3 anos consecutivos.

Miguel Fernández Simoes propón, en representación dos estudantes, a posibilidade da volta á presencialidade, nos próximos meses ou no próximo curso académico, xa que así participarían máis estudantes. Tamén a publicación destas enquisas, que podería animar ao estudantado. O vicerreitor responde que xa se está a facer na aula, non en papel, pero si na aula, neste último cuadrimestre.

Xosé Manuel Cid pregunta se tamén se contempla a docencia en doutoramento. O vicerreitor responde que non.

Miguel Cuevas, como membro do grupo de traballo, e representante sindical, quere agradecer á Reitoría que aceptara e apreciara todas as consideracións que se fixeron dende os sindicatos para tentar mellorar esta normativa.

Coral del Río pregunta o seguinte: Nesta redacción final esíxese un mínimo dun 12% de respostas con respecto á matrícula para que o resultado cobre valor, un 12% independentemente do tamaño do grupo?

Alfonso Lago responde que si, que o 12% é unha porcentaxe que se cubre bastante, non hai moitas que non se cubran, e así cubran case na súa totalidade.

Coral del Río responde que lle parece unha barbaridade, que nun grupo pequeno (20 persoas) podería darse unha enquisa con só 3 persoas que respondan. Na súa opinión en grupos pequenos non se deberían utilizar porcentaxes, cun mínimo pero en número absoluto de respostas. Aplicar os mesmos porcentaxes a grupos pequenos e grandes estatisticamente non ten ningún sentido. Xa adianta o seu voto negativo.

Hai debate.

Alfonso Lago di que as últimas enquisas fanse na aula. O profesor pode chegar á aula, faise a enquisa, e despois péchase a enquisa.

Resultado da votación: 40 votos a favor, 2 en contra, 0 abstencións.

Apróbase por maioría.

4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, que expón o seguinte:

- Convenio entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa para regular o cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa e a súa desadscripción como centro adscrito á Universidade de Vigo asinado o 14 de decembro de 2021, regula todos os dereitos do estudantes.
- Mestrado universitario en administración e dirección de empresas (MBA).

2022/2023	2023/2024	2024/2025	2025/2026	2026/2027
1º (E)	1º (E)			
2º (D)	2º (E)	2º (E)		

(D) Con dereito a docencia e a exame.

* (E) Con dereito a exame.

- Recibiuse a solicitude do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE) de extinción do título de mestrado con data de 21 de xullo de 2023.
- Proposta ao Consello de Goberno da extinción do título segundo as condicións xerais e os efectos académicos asinados no dito convenio, para levar logo ao Consello Social, e despois á Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026.

Informado favorablemente por asentimento na reunión da COAP de 18 de setembro de 2023.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa que hai unha serie de erros advertidos no texto, a saber:

Páxina 2: No apartado c) Tramitación, na última parte onde di: “Estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica do programa de doutoramento e informadas pola”, debe dicir:

“Estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica do programa de doutoramento e informadas pola Comisión de calidade.”

Polo que se refire ao calendario de tramitación e verificación/modificación dos títulos de grao e de mestrado 2025/2026, presenta as seguintes diapositivas, cos prazos previstos, lembrando que estas modificacións non substanciais deben presentarse despois dentro do prazo establecido pola ACSUG:

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2023/2024)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Xunta de centro Equipo de Goberno	Ata o 24 de novembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Envío por correo electrónico¹ dos seguintes documentos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Declaración de intencións de presentación do grao/mestrado, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria. Remisión a VTID e difusión á comunidade universitaria. 2. Declaración de intencións de presentación de propostas de modificacións non substanciais de grao/mestrado, acompañada da composición nominal da comisión redactora da proposta. Remisión a VTID e difusión a comunidade universitaria.
Difusión á comunidade universitaria	VTID/SXEG/SXEP	Desde o 27 de novembro ata o 7 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á Reitoría	Secretaría/a do centro	Ata o 11 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Envío por correo electrónico¹, en versión editable, dos seguintes documentos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para títulos grao e mestrado da ACSUG
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	COAP e Consello de Goberno	Ata o 22 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Acordo da COAP e do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP e Consello de Goberno	Ata o 26 xaneiro de 2024	<ul style="list-style-type: none"> - Acordo da COAP e do Consello de Goberno
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vivente	Xunta de centro	Ata o 12 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> - Segundo o establecido pola xunta de centro
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á Reitoría	Secretaría/o do centro	Ata o 15 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> - Envío por correo electrónico¹, en versión editable, dos seguintes documentos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación. 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Exposición pública á comunidade universitaria na web da Universidade	VTID/SXEG/SXEP	19 de abril de 2024 (15 días naturais)	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria

Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico ¹
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	SXEG/SXEP	Ata o 17 de maio de 2024	- Desde os servizos revisarase as propostas - Envío do informe técnico por correo electrónico con indicacións dos aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 3 de xuño de 2023	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaría/o do Centro	Ata o 4 de xuño de 2024	- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Informe da COAP	COAP	Ata o 21 de xuño 2024	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 27 de xuño 2024	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de xuño 2024	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VITD	30 de xuño de 2024	
Subida da memoria do título á sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/ SXEG/SXEP/VOAP	do 1 de setembro ao 15 de outubro de 2024	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio con competencias

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2023/2024)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²) Grupos/equipos de investigación Dirección da EIDO Equipo de Goberno	Ata o 24 de novembro de 2023	- Correo electrónico ¹ a eido.verifica@uvigo.gal segundo o formato normalizado dos seguintes documentos: 1. Declaración de intencións de presentación do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria. 2. Declaración de intencións de presentación de propostas de modificacións non substanciais do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da proposta. Remisión a VTID e difusión á comunidade universitaria.
Difusión á comunidade universitaria	VITD / SXEP	Desde o 27 de novembro ata o 7 de decembro de 2023	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á Reitoría	Secretaría/a da CAPD	Ata o 11 de decembro de 2023	- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: - Formulario de solicitude de modificación non substancial para programas de doutoramento da ACSUG.
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	COAP e Consello de Goberno	Ata o 22 de decembro de 2023	- Acordo da COAP e do Consello de Goberno previo informe do Comité de dirección da EIDO
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO e Consello de Goberno	Ata o 26 de xaneiro de 2024	- Acordo do Consello de Goberno previo informe do Comité de dirección da EIDO
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vivente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²)	Ata o 12 de abril de 2024	- Segundo o establecido na propia CAPD
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretaría/a da CAPD	Ata o 15 de abril de 2024	- Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.gal), en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Exposición pública á comunidade universitaria na web da Universidade	VITD / SXEP	19 de abril de 2024. (15 días naturais)	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	EIDO	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a eido.verifica@uvigo.gal

Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO	Ata o 17 de maio de 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Desde a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento - Envío do informe técnico por correo electrónico aos coordinadores/as con indicación dos aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ata o 3 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> - Segundo o establecido pola CAPD
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 4 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> - Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.gal) en formato WORD dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas. 2. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Informe da EIDO	EIDO	Ata o 21 de xuño de 2024	Incorporar á documentación do paso anterior, para o Consello de Goberno
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 27 de xuño 2024	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de xuño 2024	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VITD	30 de xuño 2024	
Subida da memoria do título á sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/EIDO/SXEP	do 1 de setembro a 15 de outubro de 2024	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio con competencias

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do réxime interno do CACTI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, Belén Rubio, que informa sobre a antigüidade do regulamento, xa que a versión era do ano 1996 e necesitaba actualizarse, presentando os cambios realizados:

Nova redacción do preámbulo e dos artigos 5, 7, 10, 11, 12, 14, 15, 20, 23, 24, 25, 29.

Anexo I: nova redacción co novo organigrama.

Anexo II: nova redacción coa normativa de utilización de servizos do CACTI.

Aprobación pola comisión do CACTI.

Informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno de atlantTic.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que expón a modificación do texto, despois de aclarar que está a piques de saír a convocatoria de centros, e todos queren reorganizarse en función das recomendacións que lles fixeron.

Artigo 13. Persoal investigador

Inclúese unha nova clasificación de persoal investigador: propio, asociado e colaborador.

Novos criterios de adscrición seguindo as recomendación do CAE (Comité Asesor Externo).



ANEXO IV: Adaptase á nova normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo modificada o 2 de marzo de 2023.

Composición da comisión reitora, ao non existir vicerreitoría de economía na actualidade.

Aprobación pola comisión reitora dos centros CIGUS, onde tamén está a Xunta de Galicia como representante.

Informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do CISPAC.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen fala dun novo cambio no Regulamento, especificamente nestes artigos:

Artigo 8. O Consello reitor
Referentes aos cargos de director/a científico adxunto.
Consello de transferencia.

Artigo 9. O director/a científico.

Artigo 10. O director/a científico adxunto.
Engádesse o artigo 10bis. O secretario/a con funcións de director/a adxunto de transferencia e as súas funcións.

Hai cambios no artigo 11, no Comité científico, e engádesse un artigo 11 bis. Procedemento de escolla do Comité científico.

Artigo 13. Consello de Transferencia.

Artigo 14. Persoal científico: Vinculación, desvinculación, avaliación e permanencia.

Aprobado polo Consello Reitor do CISPAC.

Informe favorable das asesorías xurídicas das tres universidades. Na UDC e na USC o aprobaron nos seus Consellos de Goberno.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da modificación, da denominación da Spinoff "PRISMATRIX".

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica que en xuño deste ano aprobouse a participación da Uvigo nesta empresa de base tecnolóxica.



Durante o proceso de constitución detectouse que a denominación Prismatrix non está dispoñible no Rexistro Mercantil, polo que se propón o cambio a SPECTRUM GRID, SOCIEDAD LIMITADA.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Internacionais.

O reitor aclara que o Regulamento xa pasou por todos os trámites preceptivos, e despois do informe favorable da Asesoría Xurídica foi aprobado na Xunta de Facultade polo que solicita que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.

O reitor aclara que o Regulamento xa pasou por todos os trámites preceptivos, e despois do informe favorable da Asesoría Xurídica foi aprobado na Xunta de Facultade polo que solicita que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dirección e Xestión Pública.

O reitor aclara que o Regulamento xa pasou por todos os trámites preceptivos, e despois do informe favorable da Asesoría Xurídica foi aprobado na Xunta de Facultade polo que solicita que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

13. Informe sobre a excedencia temporal solicitada polo Profesor Pablo Menéndez García con amparo no artigo 17 da lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O reitor explica que a vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, Patricia Valcárcel non está por outra obriga, polo que defenderá o punto Alfonso Lago, quen informa o seguinte:

1. O profesor Pablo Menéndez García, CU de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo, presentou unha solicitude para realizar na URJC o proxecto ou tarefa de investigación: “El servicio público de abastecimiento de agua a poblaciones, la sostenibilidad del recurso y el régimen jurídico del vertido, depuración y reutilización de dichas aguas”.
2. O Consello de Departamento de Dereito Público emitiu informe favorable.
3. O vicerreitor de profesorado da URJC enviou un fai constar confirmando que o contratarían.
4. A COAP foi informada e considerou apropiado concederlle a excedencia voluntaria.

O contido do artigo mencionado o menciona na súa explicación, a saber:

Art. 17.3 da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación

El personal de investigación funcionario de carrera o laboral fijo que preste servicios en agentes públicos del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación con una antigüedad mínima de cinco años podrá ser declarado en situación de excedencia temporal para su incorporación a otros agentes públicos de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación, siempre que no proceda la situación administrativa de servicio activo.

La concesión de esta excedencia temporal se subordinará a las necesidades del servicio y al interés que la universidad pública, organismo o entidad para el que preste servicios tenga en la realización de los trabajos que se vayan a desarrollar en la entidad de destino, y se concederá, en régimen de contratación laboral, para la dirección de centros de investigación e instalaciones científicas, o programas y proyectos científicos, para el desarrollo de tareas de investigación científica y técnica, desarrollo experimental, transferencia o difusión del conocimiento e innovación relacionadas con la actividad que el personal de investigación viniera realizando en la universidad pública, organismo o entidad de origen. A tales efectos, la unidad de la universidad pública, organismo o entidad de origen en la que preste servicios deberá emitir un informe favorable en el que se contemplen los anteriores extremos.

La duración de la excedencia temporal no podrá ser superior a cinco años, sin que sea posible, agotado dicho plazo, la concesión de una nueva excedencia temporal por la misma causa hasta que hayan transcurrido al menos dos años desde el reingreso al servicio activo o la incorporación al puesto de trabajo desde la anterior excedencia.

Durante ese período, el personal de investigación en situación de excedencia para la incorporación a otros agentes públicos de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación no percibirá retribuciones por su puesto de procedencia, y tendrá derecho a la reserva del puesto de trabajo, a su cómputo a efectos de antigüedad, a la consolidación de grado personal en los casos que corresponda según la normativa aplicable, y a la evaluación de la actividad investigadora y de los méritos investigadores y técnicos, en su caso.

Si antes de finalizar el período por el que se hubiera concedido la excedencia para la incorporación a otros agentes públicos de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación, la persona excedente no solicitara el reingreso al servicio activo o, en su caso, la reincorporación a su puesto de trabajo, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interés particular o situación análoga para el personal laboral que no conlleve la reserva del puesto de trabajo, permitiendo, al menos, la posibilidad de solicitar la incorporación de nuevo a la universidad pública, organismo o entidad de origen.

El vencimiento del plazo máximo para resolver la concesión de la excedencia o sus prórrogas sin haberse notificado resolución expresa tendrá carácter desestimatorio.

Apróbase por eleccións.

14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno: 2 PDI, 2 PAS e 2 estudantes.

O reitor informa que no sector PDI presentáronse as candidaturas de Patricio Sánchez Fernández, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, do Campus de Ourense, e María José Vázquez Figueiredo, da Facultade de Educación e Traballo Social, do Campus de Ourense, polo que non é necesario celebrar eleccións.

No sector de PAS non se presentou ningunha candidatura, mentres no sector de Estudantes presentáronse tres candidaturas, pero houbo unha renuncia, a saber: Miguel Fernández Simoes, polo que coas dúas candidaturas restantes, a de Nerea Ferreiro Fernández e Sandra María Martínez Gómez, da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo, fan que non sexa necesario celebrar eleccións.

15. Elección de representante na Comisión de Investigación e Transferencia delegada do Consello de Goberno: 1 PDI.

O reitor sinala que non se presentou ningunha candidatura.

16. Quenda de intervencións.

Consuelo Pérez Vázquez pregunta pola Produción Científica, incompleta no seu pagamento. Vaise a levar a cabo nos vindeiros días, xa que estase esgotando o tempo para poder gastar o diñeiro. Pregunta tamén pola partida de equipamentos docentes dos centros, que recortouse alá polo mes de abril-maio. Dixérase que se se firmaba algún convenio posterior se reingresaría totalmente, e quere saber se vai ser así. O reitor responde que si, hai unha cantidade que se atopou e que se vai repartir entre os centros, cree que nesa mesma semana, pedindo máxima axilidade ao respecto desde gasto.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación afirma que se pagará ata o 80% da PC nestas datas, aínda que queda pendente ese 20%, que quedará para pagar en xaneiro de 2024. O retraso ten que ver coa enfermidade da persoa que levaba ese tema, e polo alto número de reclamacións feitas contra a PC.

Miguel Fernández Simoes fala sobre a implementación de SIGMA e o proceso de matriculación. Houbo unha falta de resposta de SIGMA que provocou problemas en termos de asignación docente (grupos prácticos e teóricos), bolsas, mobilidade, etc. Pensan que non é aceptable a falta de organización e a falta de resposta de SIGMA, polo que solicitan un informe por parte de SIGMA, e unha temporalización, se fora posible, das solucións que se foron dando e as que quedan por dar, para que se emita como comunicado á toda a Comunidade universitaria e poder recuperar a confianza na Plataforma e nos procedementos administrativos que atinxen á matrícula. Piden tamén ampliación dos paquetes formativos ao PAS e PDI, xa que non teñen unha pronta resposta para poder resolver as cuestións que se lles formulaban. Agradece tamén ás vicerreitorías correspondentes a rápida e pronta resposta as cuestións formuladas polo Consello de Estudantes, mais a situación foi crítica e segue a ser dificultosa aínda agora.



O reitor responde que en principio nós apostamos por entrar neste programa porque o XESCAMPUS estaba obsoleto. Este novo ten as máximas garantías, partillado por 17 universidades españolas. As unidades que traballan con SIGMA e os diferentes servizos traballaron arreo para, a pesares dos problemas, poder saír adiante, pero pediremos ese informe. O próximo ano será distinto, pero estamos relativamente satisfeitos coas persoas que traballaron nesta iniciativa, agradecendo o dobre esforzo dos servizos que estiveron traballando simultaneamente con Xescampus e con Sigma.

Deixamos un programa moito mellor para o futuro.

Miguel Cuevas fala, como representante sindical, da cuestión das listas de agarda, aínda que sabe que a reitoría está traballando para evitar o retraso que se produce na contratación. Nese sentido, quere coñecer algunha das medidas, xa que as veces unha lista de agarda se superpón a outras. Cre que se deben resolver este tipo de cuestións.

O reitor di que tiveron unha xuntanza coas direccións dos Departamentos e pode avanzar que a medida máis importante que vai mobilizar a vicerreitoría ten que ver con desligar as listas de agarda do proceso de finalización do POD. Polo tanto, poderíamos ter as listas de agarda feitas antes, válidas por dous anos, e polo tanto poderíamos tirar sen ningunha dificultade desas listas de agarda xa previamente solucionadas.

Así evitaremos os problemas das CEAS que tiveron que reunirse de xeito urxente, pedindo desculpas as Comisións que se reuniron extemporaneamente e agradecendo a intervención.

Carlos Mollinedo protesta por como se abriu o novo centro de Deseño, xa que o proceso de contratación de persoal para a apertura do centro ten que estar informado e negociado polo persoal. Estivo bastante tempo ausente, e necesita información sobre as promesas feitas e realizadas con respecto ao Campus de Pontevedra: Hospital Provincial, residencia universitaria e titulación de enfermaría. Protesta tamén pola situación do PAS, que están en proceso de toma de posesión, para axilízalo, botando a andar o outro proceso de consolidación (ou concurso).

O reitor sinala que o máis interesado en que os procesos se axilicen é a propia reitoría, e amosa o seu compromiso co outro proceso de consolidación (repesca).

Con respecto á titulación de Deseño, o reitor está agradecido á cesión das aulas do Benito Corbal por parte da Xunta, espera que despois poida levarse ó grao de Deseño a un edificio novo.

Con respecto ao Hospital Provincial, o reitor informa que temos unha oferta por parte da Xunta de Galicia, pero en un trámite moi preliminar, polo que non pode confirmar a cesión parcial ou total do Hospital Provincial. En canto á Enfermaría, xa enviouse a información, mantense a esperanza de ter 1º de enfermaría nos 3 Campus. Tense previsto pechar co presidente da Deputación de Pontevedra desligar esa titulación da Deputación, sempre que non haxa atrancos, engadindo que non queremos ter conflito con ningunha formación política, polo que estamos á espera.

Yolanda Lesmes responde con respecto á temporalización dos procesos, e co cronograma da Xerencia. O concurso de méritos rematou, os procesos de estabilización tal e como se había acordado están en prazo, acaba de publicarse o resultado provisional do proceso de concurso, e os tribunais do proceso de concurso oposición están a piques de constituírse.

A xerencia comprometérase a celebrar cursos de galego para quen os necesitase, e estes cursos polo número de horas acaban de rematar agora en setembro, deste xeito estamos en prazo. Intentaremos cumprir para que no mes de decembro a xente poida saber se consolidou ou non consolidou a praza. As bases das prazas de laborais xa foron transmitidas aos órganos de



representación, imos ter reunión cos representantes e despois poremos en marcha o concurso de laborais. A vontade da Xerencia é que non haxa retraso algún.

O reitor indica que no proceso de estabilización o xuíz deu a razón á Universidade de Vigo para o que se pactou por parte da Xerencia e a representación sindical.

Engade tamén que Miguel falara da asignación de grupos en SIGMA, e o reitor indica que o próximo ano estará corrixido, e que nos primeiros días non estaba a posible matrícula en galego. A maior parte do problema está corrixido, SIGMA é de natureza multilingüe e para o ano que ven se poderá facer na nosa lingua.

Coral del Río faise eco dunha noticia que sae no Faro de Vigo e pregunta se a Reitoría está a facer un seguimento da mesma, xa que os traballadores denuncian á Fundación Matrix (que ten a súa orixe na Universidade de Vigo, con locais arrendados na cidade universitaria) por impagos, malos tratos psicolóxicos e vexacións ante a Inspección de Traballo, noticias alarmantes. O reitor responde que esa fundación non é da UVIGO, é allea, aínda que traballen en instalacións da FUVI e estea dirixida por un profesor da Universidade de Vigo. Existe presunción de inocencia, pero seguiremos atentamente o resultado.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11.23 h. do día 25 de setembro de 2023, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Detectado erro no punto 4 da orde do día, da convocatoria do Consello de Goberno, do 25 de setembro de 2023, en consecuencia tamén na publicación dos acordos correspondentes a dita sesión, e consonte ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que *as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos.*

ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVE

Primeiro: Emendar o erro na convocatoria, de xeito que,

Onde di:

4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Debe dicir:

4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA).

Segundo: Emendar o erro na publicación dos acordos, de xeito que,

Onde di:

- * Aprobación da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Debe dicir:

- * Aprobación da extinción do título de Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA).

A SECRETARIA XERAL

(asinado dixitalmente)